

1. A solicitude de admisión:

Presentarase, **preferentemente**, cubrindo o modelo **ED550B** (en castelán ou en galego) na aplicación de xestión do proceso de admisión, cuxo acceso é <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>, ou no centro docente indicado como primeira opción.

Se se elixe presentala neste centro, pódese facer entregándoa de xeito presencial na conserxería, en horario de 09.00 h a 14.00 h, onde se recibirá unha copia co selo de entrada.

Xunto coa solicitude, **deberase achegar copia do DNI da/do alumna/o ou do libro de familia (no caso de non ter DNI)** e unha certificación de escolarización do centro no que está matriculada/o no curso actual (excepto o alumnado que solicite praza para 4º de Educación Infantil). Se é o caso, deberase achegar tamén convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio.

Carácter único e vinculante da solicitude. Sinatura e consentimento:

a) A solicitude de reserva (ED550A) e a solicitude de admisión ordinaria (ED550B) son únicas e **vinculantes**. Non obstante, poderá renunciarse na forma indicada a continuación.

- Para **renunciar** a un posto **reservado** será necesario ter presentado un escrito de renuncia no centro docente antes ou no día 28 de febreiro de 2026. Na solicitude de admisión ordinaria ED550B presentada en prazo terá que cubrir os datos que aparecen no recadro “Supostos específicos”. Poderá pedírselle copia do escrito de renuncia.
- Para **renunciar** a unha solicitude de admisión ordinaria anterior (do 1 ao 20 de marzo) terá que presentar unha nova solicitude ED550B en prazo, na que terá que cubrir os datos que aparecen no recadro “Supostos específicos”.

b) **Sinatura e consentimento** de ambas persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras:

Os artigos 26.6 e 46 da orde establecen que en todos os casos de solicitude (de reserva, admisión ordinaria e escolarización extraordinaria) de alumnado menor de idade non emancipado é necesario o **consentimento** de **ambas** persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras, coa única excepción do consentimento do agresor nos casos de violencia de xénero.

En consecuencia, toda as solicitudes deben figurar asinadas por unha das persoas proxenitoras/titoras/acolledoras, e debe xuntarse a todas o documento asinado co consentimento da outra (modelos: anexo I-bis, anexo II-bis).

Non obstante, nos casos de ausencia puntual da outra persoa proxenitora non separada nin divorciada, ou da outra persoa titora ou acolledora por circunstancias excepcionais (laborais, familiares, ...), poderá admitirse a presentación dunha declaración responsable da persoa que asine a solicitude indicando o motivo que impida o consentimento expreso da outra.

c) **Falta do consentimento** da outra persoa proxenitora, titora ou acolledora:

No momento en que se constate a falla de consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acolledora, o centro ten que informar á persoa que solicita da necesidade do consentimento expreso daquela e realizar o seu requirimento.

A falla do consentimento implicará que a admisión sexa provisional, motivada polo feito de que a escolarización do alumnado entre os 6 e os 16 anos é obrigatoria.

A seguir, o centro comunicará esta incidencia á xefatura territorial para o seu traslado, se procede, ao ministerio fiscal, achegando a solicitude e a documentación que a acompañe.

En canto á decisión de escolarización provisional, se o alumnado xa está escolarizado manterase a situación.

No caso contrario, escolarizarase provisionalmente tendo en conta a solicitude e o certificado de convivencia.

Todo o alumnado incluído no ámbito da Orde do 21 de outubro de 2022, pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumna/o e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.

2. Na aplicación admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>) poderase consultar:
 - a) O cronograma coas datas dos trámites principais do procedemento de reserva, admisión ordinaria e matrícula.
 - b) A previsión de postos escolares dispoñibles e as súas modificacións.
 - c) A relación do alumnado de cada curso, co número da solicitude de admisión asignado pola aplicación admisionalumnado no momento da súa gravación.
 - d) O estado de tramitación da súa solicitude utilizando o número de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.
 - e) A listaxe do alumnado con posto reservado e a listaxe provisional e definitiva do alumnado admitido coa puntuación total e do alumnado non admitido, utilizando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o certificado dixital e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).
3. O alumnado matriculado nun centro docente público ou privado concertado ten garantida a súa permanencia nel. Sen prexuízo da garantía de permanencia, poderá presentar solicitude de admisión noutro centro educativo. Este alumnado perderá o dereito de permanencia no centro de orixe se figura admitido na listaxe definitiva de alumnado admitido do novo centro.
4. A **área de influencia** do CPR Plurilingüe ALCA é o **concello de Ames**.
5. As **áreas limítrofes** do CPR Plurilingüe ALCA son **os concellos que limitan co de Ames**: A Baña, Brión, Negreira, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra.
6. O **criterio complementario de admisión** no CPR Plurilingüe ALCA é *“ser familiar ata segundo grao de consanguinidade de antiga/o alumna/o que cursara neste centro ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Bacharelato, ou ben as equivalentes a estas”*, que se acreditará aportando o DNI e o libro de familia correspondentes.